



ABAU 2021

Ordinaria: 8, 9 e 10 de xuño.

Extraordinaria: 13, 14 e 15 de xullo.



MATRÍCULA ABAU

(ENTRÉGASE TODA A DOCUMENTACIÓN IMPRESA)

DO 20 AO 24 DE MAIO

(28 e 29 xuño: c.extraordinaria).

- Cubrir o impreso de matrícula de ABAU.
- Pagar as taxas no banco (ABAU + TÍTULO BAC).
- Entregar toda a documentación na Secretaría do centro:
 - 2 Impresos de taxas selados polo banco (ABAU + BAC).
 - Impreso de matrícula ABAU.
 - Xustificante de redución, só se se solicita (familia numerosa, fillo/a de persoal das Universidades do SUG, Discapacidade).

A PARTIR DE AÍ...

- O centro cobre na Aplicación Informática Nerta os datos da matrícula e envía ao LERD a listaxe do alumnado antes do 26 de maio.
- O alumnado recibirá no seu correo electrónico un “Código de Acceso” necesario para activar a CONTA DE USUARIO e poder ver os seus datos en NERTA e realizar as solicitudes de revisión e a solicitude de preinscripción en titulacións con límite de prazas do SUG.



	MARTES – 8 DE XUÑO	MÉRCORES – 9 DE XUÑO	XOVES – 10 DE XUÑO
9:00 – 10:00	Presentación	9:00 – 10:30	Lingua Galega e Literatura II - Bioloxía - Historia da Arte
10:00 – 11:30	Historia de España	10:30 – 11:00	Descanso
11:30 – 12:00	Descanso	11:00 – 12:30	Primeira Lingua Estranxeira II - Física - Xeografía - Cultura Audiovisual II
12:00 – 13:30	Lingua castelá e Literatura II	12:30 – 13:00	Descanso
13:30 – 15:30	Descanso	13:00 – 14:30	- Matemáticas II - Latín II - Xeoloxía - Historia da Filosofía
15:30 – 17:00	- Matemáticas Aplicadas CC.SS - Fundamentos da Arte II	14:30 – 16:00	Descanso
17:00 – 17:30	Descanso	16:00 – 17:30	- Debuxo Técnico II - Artes Escénicas - Segunda Lingua Estranxeira II
17:30 – 19:00	- Economía da empresa - Deseño	17:30 – 18:00	Descanso
		18:00 – 19:30	- Química - Grego II
			Incidencias non previstas

LUGAR: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
Campus As Lagoas da Uvigo.

DESPRAZAMENTOS: posibilidade de autobús (IES).

COMISIÓN DELEGADA: 31.

MATERIAL NO EXAME.

Levar

DNI en vigor ou pasaporte.

Resgardo de matrícula e xustificante de pagamento.

Bolígrafo azul ou negro imborrable.

Material para Debuxo (Debuxo Técnico 2).

Dicionarios de Latín e Grego cos apéndices Gramaticais (non contidos literarios sobre a evolución do latín ao español, estas páxinas deben graparse).

Calculadora non programable (Matemáticas, F/Q, Economía).

Máscara.

Non está permitido

Teléfonos, reloxos intelixentes, etc. activados.

Haberá reloxos ben visibles para o control do tempo de exame.

Opcional

Xel desinfectante, panos de usar e tirar, botella de auga sen etiqueta.

Mochila, carteira ou bolsa de deporte, coas pertenzas, incluídas comida e bebida,



PROTOCOLO ABAU

Hai que estar presentes ás 9.00 horas e acudir despois puntualmente aos exames.

Pedirase aos/ás alumnos/as formar unha fila (con distancia interpersoal a máscara).

Chamarase a viva voz, individualmente, para identificación e colocación no seu posto (para todos os exames).

Recibiranse etiquetas adhesivas con código de barras. Hai que levalas sempre, evitando o contacto co xel desinfectante. En caso de perda ou deterioro, deben comunicalo á comisión delegada (NUNCA entregar un exame sen as etiquetas).

De detectar erros na matrícula, comunicalo ao presidente/a. Despois do acto de presentación non se permitirán cambios de materias.

Manter despexados os pavillóns auditivos.


Permanecer na aula polo menos 30 minutos.

Cada exame consta dun número de preguntas, todas susceptibles de ser elixidas, das que deberá responder o número máximo que se indica.. Nunca responder máis, pois corríxense as primeiras.

O CADERNO E AS ETIQUETAS

PODES VER O SEU USO E UN RESUMO DOS ASPECTOS ANTERIORES NO VÍDEO DA CIUG:

[HTTPS://WWW.YOUTUBE.COM/WATCH?V=6F4UEJUO_VQ](https://www.youtube.com/watch?v=6F4UEJUO_VQ)



Na portada do caderno:

- Pegar a cabeceira na zona indicada.
- Marcar as preguntas realizadas.



O CADERNO E AS ETIQUETAS


The image shows a booklet cover for a university entrance exam. At the top, it says 'CIUG' and 'rsg'. Below that, 'Proba de acceso á universidade'. There are two adhesive labels. The top label is titled 'Espazo reservado para a administración' and contains a barcode and the text 'Colocar segundo o debuxo'. The bottom label is titled 'A cubrir polo/a alumno/a' and contains fields for 'Materia', 'Código', and 'Nome da materia', along with another barcode and the text 'Colocar segundo o debuxo'. Two orange arrows point from the text on the right to the labels.

Na cabeceira adhesiva:

- Poñer nome e código e da materia (entregaranse ao alumnado e escribiranse no encerado).
- Pegar o código de barras persoal.



ASÍ QUEDARÁ O CADERNO DE EXAME:



- Podes ver o resumo de como será o día da ABAU (protocolo de entrada no vídeo da CIUG: https://www.youtube.com/watch?v=6F4UEjuO_VQ)
- As reclamacións: realízanse en NERTA nos 3 días hábiles a partir da publicación das cualificacións.

1^a

- Revisión de cálculos.
- Corrixirase, á alza ou á baixa, a nota.

2^a

- 2^a corrección por un/unha novo/a profesor/a.
- Se a diferenza é <2 , a nota será a media de ambas e finaliza o proceso.

3^a

- Se a diferenza é ≥ 2 :
- Corrixe un/unha 3^o profesor/a e a nota será a media das 3 correccións.



UNHA VEZ SUPERADA A ABAU... O ACCESO Á UNIVERSIDADE.

CALENDARIO PROVISIONAL

Preinscripción a través de NERTA.

- 22 ao 30 xuño ás 14h: alumnado que supera ABAU na convocatoria ordinaria. Teñen preferencia (á marxe da nota) sobre a extraordinaria.
- 22 ao 28 xullo: convocatoria extraordinaria.
- Xullo e agosto: estar pendentos dos chamamentos para matricularse.

- Ver vídeo explicativo (USC):
<https://www.youtube.com/watch?v=n1NKM1CkHIE>

ACCESO AO SIUG:

Importante: confirmar que se quere continuar en listaxe de espera, se non entramos no Grao que solicitamos como 1^a opción (min 5'20'' a 8').

- A **preinscrición** realizase en **NERTA** para todas as universidades de Galicia.
- A **matrícula** realízase online na web de cada universidade.
- Podes solicitar ata un máximo de **5 titulacións** diferentes, ou 10 se son repetidas en diferentes campus universitarios.
- Finalizada a preinscrición publicaranse un total de 8 listaxes de admitidos/as para a convocatoria ordinaria e 5 listaxes de admitidos/as para a convocatoria extraordinaria.
- Despois de cada listaxe de admitidos/as dispoñerase de **dous días para realizar a matrícula** na titulación na que se é convocado/a.
- Se se é admitido/a nunha titulación de menor preferencia e algunha das titulacións de maior preferencia non pechou aínda matrícula, **tense que confirmar en Nerta que se desexa seguir nesa listaxe de espera; nese caso non se deberá formalizar a matrícula. Pero se todas as titulacións de maior preferencia aparecen pechadas e sen lista de espera é obrigatorio formalizar matrícula** na titulación convocada.
- Le as dúbidas frecuentes en: <https://ciug.gal/gal/faq-acceso>
- Máis información en: <https://ciug.gal/gal/admision-sug>

